



BOP

SÁBADO, 11 DE NOVIEMBRE DE 2017 N.º 259

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

XUNTA DE GALICIA

XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA. DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

Resolución do 31 de outubro de 2017 da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria en Lugo, pola que se somete a información pública a petición de autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de Barreiros (Expediente IN407A 2017/56-2, 8528 AT)

Para os efectos previstos na Lei 24/2013 do 26 de decembro (BOE nº. 310) do sector eléctrico, e no título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, (BOE nº. 310) polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización administrativa previa e de construción da instalación eléctrica que se describe:

- Solicitante: Begasa
- Domicilio social: Ramón M.ª. Aller Ulloa 9-27003 Lugo
- Denominación: LMTS. CT e RBTS Valga.
- Situación: concello de Barreiros.
- Características técnicas:

1-Liña de media tensión soterrada a 20 kV. baixo tubo, cunha lonxitude de 120 m. con orixe no centro de transformación Valga proxectado, condutor tipo RHZ1 240 e final no apoio P-46 existente da LMT Ribadeo 1.

2-Centro de transformación en edificio prefabricado, cunha potencia de 250 kVA e unha relación de transformación de 20.000/400-230 V.

3-Liña de baixa tensión soterrada, con orixe no centro de transformación Valga proxectado, condutor tipo RV 240, con 4 circuitos (3 enlazan coas redes de baixa tensión existentes o eutro CGP AV.08-400A) e final en diferentes clientes.

4- Desmontanse 120 m. de condutor existente entre a arqueta n.º. 1 e o apoio P-46 (4BF03717), dos cales 10 m. se desprazan enlazando co centro de transformación proxectado.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán examinar o proxecto e presentar as súas alegacións, nesta xefatura territorial, sita na Rolda da Muralla nº. 70-baixo 2- Lugo, no prazo de vinte días a partir do seguinte ao da última publicación desta resolución.

Lugo, 31 de outubro de 2017.- Xefa territorial de Lugo, Pilar Fernández López

R. 3258

Anuncio

Resolución do 31 de outubro de 2017 da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria en Lugo, pola que se somete a información pública a petición de autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de Barreiros(Expediente IN407A 2017/63-2, 8535 AT)

Para os efectos previstos na Lei 24/2013 do 26 de decembro (BOE nº. 310) do sector eléctrico, e no título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, (BOE nº. 310) polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización administrativa previa e de construción da instalación eléctrica que se describe:

- Solicitante: Begasa
- Domicilio social: Ramón M.^a. Aller Ulloa 9-27003 Lugo
- Denominación: LMT soterrada Barreiros, CT. Vila e RBT soterrada para alimentar ao edificio de Building Center SAU.

- Situación: concello de Barreiros.

- Características técnicas:

1-Liña de media tensión soterrada a 20 kV. baixo tubo, cunha lonxitude de 1555 m. con orixe nunha arqueta existente da LMT. Barreiros, condutor tipo RHZ1 240, pasando polo CT. Vila proxectado e final no CT. File.

2-Centro de transformación non prefabricado en pranta baixa do edificio situado na rúa Vila 23 (Barreiros), cunha potencia de 400 kVA. e unha relación de transformación de 20.000/400-230 V.

3-Liña de baixa tensión soterrada, con orixe no CT. Vila proxectado, condutor tipo RV 240 e RV 95, e final nos C.G.P. do edificio Building Center.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán examinar o proxecto e presentar as súas alegacións, nesta xefatura territorial, sita na Rolda da Muralla nº. 70-baixo 2- Lugo, no prazo de vinte días a partir do seguinte ao da última publicación desta resolución.

Lugo, 31 de outubro de 2017.- Xefa territorial de Lugo, Pilar Fernández López

R. 3259

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

GABINETE DE FORMACIÓN

Anuncio

CONVOCATORIA XORNADA PLAN PROPIO DA DEPUTACIÓN DE LUGO PARA O ANO 2017

O Gabinete de Formación, en aplicación do Plan Propio de Formación para o ano 2017, propón, según informe-proposta do Xefe do Servizo de Asistencia Xurídica Técnica e Económica dos Concellos, de data 27 de setembro de 2017, a convocatoria para a súa realización da seguinte acción formativa:

02.07.01.17 XORNADA SOBRE O REAL DECRETO 424/2017 DE CONTROL INTERNO DO SECTOR PÚBLICO LOCAL.

As características e contidos específicos destes cursos detállanse no anexo I e desenvolveranse de acordo coas seguintes:

BASES XERAIS

1.- O persoal que desexe participar nesta xornada presentará cuberta, en tódolos epígrafes que corresponda, a instancia segundo o modelo oficial publicado no BOP. Todos os campos son de obrigado cumprimento. No caso dos cursos/xornadas que teñan lugar dentro do horario laboral é obrigatoria a sinatura do superior xerárquico, alcalde ou presidente así como o selo da entidade.

2.- A falsidade ou ocultación dos datos esenciais para a selección dos aspirantes dará lugar á exclusión automática do curso.

3.- O prazo de presentación das solicitudes rematará o **20 de novembro ás 12:00 h.**

4.- A dita documentación dirixirase ó Ilmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial de Lugo, Servizo de Formación, por:

- **Presentación directa:** No Rexistro Xeral da Deputación Provincial de Lugo.
- **Correo postal:** Rúa San Marcos, 8. - 27001 Lugo.
- **Correo electrónico:** formacion@deputacionlugo.org
- E demais lugares de conformidade co artigo 38.4 da Lei 30/1992 do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Segunda.- Acceso ás accións formativas:

1.- Poderá participar o persoal que cumpra os requisitos específicos esixidos no anexo I.

2.- O Gabinete de Formación poñerase en contacto cos peticionarios, asemade poderán obter confirmación da súa posible admisión chamando ós números de teléfono 982 260 065 ou 982 260 036.

Terceira.- Certificacións:

Expedirase certificado de asistencia ós participantes que asistan á xornada. Unha inasistencia superior ó 15% no cómputo total das horas programadas, imposibilitará a expedición da certificación acreditativa.

Cuarta.- Modificacións:

A Deputación Provincial de Lugo, poderá modificar o desenvolvemento e mailos contidos do obradoiro co obxecto de adaptalos ás necesidades da Administración e ás continxencias que poidan xurdir.

Lugo, 7 de novembro de 2017. O Presidente: Darío Campos Conde. O Secretario: Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

ANEXO I**CARACTERÍSTICAS E CONTIDOS ESPECÍFICOS**

Código A. F.: 02.07.01.17

Denominación: XORNADA SOBRE O REAL DECRETO 424/2017 DE CONTROL INTERNO DO SECTOR PÚBLICO LOCAL.

Destinatarios: Funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter estatal e empregados da Administración Local da provincia de Lugo que realice tarefas de apoio nas Áreas de Intervención, Económico-financeira, etc

Participantes: 60

Horas: 05 h.

Data celebración: 29 de novembro de 2017

Horario: Das 09:00 h. ás 14:00 h

Lugar: Salón de Actos da Deputación de Lugo

Obxectivos:

Ofrecer unha formación con criterios homologados e consensuados sobre a función interventora e o control interno local

Contido:

- FUNCIÓN INTERVENTORA
- CONTROL FINANCEIRO
- RÉXIME DE CONTROL INTERNO SIMPLICADO



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
Gabinete de Formación

ANEXO II
SOLICITUDE INSCRIPCIÓN NAS ACCIÓNS FORMATIVAS

1. Título acción formativa	Código A. F.

2. Datos pessoais			
Nome:	Primeiro Apelido	Segundo Apelido	N.I.F.

3. Datos profesionais								
Posto traballo:	Grupo/Subgrupo	A1	A2	B	C1	C2	AP	Entidade onde traballa
		☐	☐	☐	☐	☐	☐	
Dependencia	Enderezo do posto de traballo				Localidade		Provincia	
Minusvalía física	Si	Non	Teléf. Traballo		Fax traballo		Correo electrónico	
☐	☐						Teléf. móbil / particular	

Clase de persoal	Funcionario	Funcionario Interino	Persoal Eventual	Laboral Fixo	Laboral Temporal
	☐	☐	☐	☐	☐
Funcións que desempeña:					

4. A ter en conta
Segundo recollen as bases de convocatoria o prazo de presentación de solicitudes será desde o día seguinte á publicación no BOP ata a data e hora que aparece nas bases xerais da convocatoria. No caso de non cubrirse as prazas, manterase aberto ata completarse. O solicitante deberá cumprimentar todos os campos da solicitude. Aquelas accións formativas que se celebren dentro do horario laboral do solicitante, é obrigatoria a autorización do superior xerárquico. A non comparecencia ou abandono dun participante admitido terá como consecuencia que, durante un ano, non será admitido nas distintas accións formativas.

5. Declaración
Declaro, baixo a miña responsabilidade, que coñezo as bases da convocatoria e que son certos os datos que aporito á solicitude que abaixo asino.

6. Informe Entidade Local
Declaro, baixo a miña responsabilidade, que coñezo as bases da convocatoria e que son certos os datos que aporito á solicitude que abaixo asino.
☐ Favorable ☐ Desfavorable
Sinatura e selo (Alcalde, Presidente, Xefe de Servizo...)

SOLICITO realiza-la acción formativa ou actividade de referencia

_____ , _____ de _____ de _____
Sinatura

ILMO. SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
Gabinete de Formación. Rúa San Marcos, 8. 27001 Lugo. Telf: 982 260 065 / 982 260 035. Fax 982 260 169. e-mail: formacion@deputacionlugo.org

De conformidade coa L.O. 15/1999, infórmaselle que os datos de carácter persoal que se solicitan no presente formulario pasarán a formar parte dun ficheiro inscrito na Axencia Española de Protección de Datos, do cal é responsable a Deputación de Lugo, e serán tratados co fin de levar a cabo tódalas xestións relacionadas coa atención a súa solicitude. Así mesmo vostede autoriza a cesión dos seus datos a aquelas empresas ou entidades que colaboren na organización e xestión das accións formativas solicitadas Vostede consente o tratamento destes datos podendo exercer os seus dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición dirixíndose ó enderezo arriba indicado

*Anuncio***CONVOCATORIA CURSO DO PLAN AGRUPADO DE FORMACIÓN CONTINUA DA DEPUTACIÓN DE LUGO PARA O ANO 2017**

Por Resolución da Presidencia de 13 de setembro de 2017 foron aprobadas as accións formativas de Formación Continua da Deputación de Lugo para o ano 2017, e convócanse para a súa realización a seguinte acción formativa:

01.02.01.17 ACCIÓNS DE FOMENTO DE MERCADOS MUNICIPAIS E FEIRAS LOCAIS. “EN LIÑA”

Dacordo coas determinacións establecidas na Resolución de data 13 de setembro de 2017.

Ordena-la publicación da súa convocatoria, bases e anexos no BOP.

As características e contidos específicos deste curso detállase no anexo I e desenvolverase de acordo coas seguintes:

BASES XERAIS**Primeira.- Solicitudes:**

1. O persoal que desexe participar neste curso presentará cuberta, en **todos os epígrafes** que corresponda, a instancia segundo o modelo oficial publicado no BOP. **Todos os campos son de obrigada cumprimentación.** No caso dos cursos que teñan lugar dentro do horario laboral é obrigatoria a sinatura do superior xerárquico, alcalde ou presidente así como o selo da entidade.

2. A falsidade ou ocultación dos datos esenciais para a selección dos aspirantes dará lugar á exclusión automática do curso solicitado.

3. O prazo de presentación das solicitudes será desde o día seguinte da publicación da convocatoria do curso no BOP. O prazo rematará o **20 de novembro de 2017 ás 13:00 h.** Todas aquelas instancias presentadas fora de prazo serán excluídas. Naquelas accións formativas que, unha vez finalizado o prazo, non se cubriran as prazas ofertadas, manterase aberto ata completarse estas, quedando pechado o devandito prazo cinco días hábiles antes do comezo do curso.

4. A dita documentación dirixirase ó Ilmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial de Lugo, Gabinete de Formación, por:

- **Presentación directa:** No Rexistro Xeral da Deputación de Lugo.
- **Correo electrónico:** formacion@deputacionlugo.org
- **Correo postal:** Rúa San Marcos, 8 - 27001 Lugo.

E demais lugares de conformidade co artigo 38.4º da Lei 30/1992, 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

Segunda.- Acceso e participación nas accións formativas:

1. Poderá participa-lo persoal que cumpra os requisitos específicos esixidos no anexo I.

2. Reservarase un 5% do número de prazas para traballadores con discapacidade, en cumprimento co disposto no artigo 11 do Real Decreto 2271/2004, de 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade. Incorporase como criterio de valoración na participación nos cursos de formación de empregados públicos o estar afectado por unha discapacidade cun grao de minusvalía igual ou superior ao 33%. A selección efectuarase por separado da quenda xeral, incorporándose a ésta todas as vacantes que queden sen solicitantes.

3. O Gabinete de Formación poñerase en contacto cos peticionarios, asemade poderán obter confirmación da súa posible admisión chamando ós teléfonos 982 260 065 ou 982 260 036.

4. A non comparecencia ou abandono dun participante admitido a unha acción formativa terá como consecuencia que, durante un ano non será admitido ás distintas accións formativas convocadas pola Deputación Provincial de Lugo.

Terceira.- Certificacións:

Expedirase certificado de asistencia ou certificado de asistencia e aproveitamento ós alumnos/as que asistan ó curso. É obrigatoria a asistencia a todas as sesións dos cursos presenciais. Unha inasistencia superior ó 15% no cómputo total das horas programadas, imposibilitará a expedición da certificación acreditativa. No caso dos

cursos "EN LIÑA", é obrigatoria a asistencia á sesión presencial, daqueles que así o requiran. Se o alumno non se presentase á sesión presencial será excluído deste.

a) Certificación de asistencia, ou

b) Certificación de asistencia con aproveitamento: trala superación das probas pertinentes, as cales, terán carácter voluntario:

En calquera dos supostos só se expedirá unha única Certificación.

Cuarta.- Modificacións:

A Deputación Provincial de Lugo, poderá modifica-lo desenvolvemento e mailos contidos dos cursos co obxecto de adaptalos ás necesidades da Administración e ás continxencias que poidan xurdir.

Lugo, 9 de novembro de 2017.- O Presidente: Darío Campos Conde. O Secretario: Cristóbal Víctor Fraga Bermejo

ANEXO I

CARACTERÍSTICAS E CONTIDOS ESPECÍFICOS

Código A. F.: 01.02.01.17

Denominación: ACCIÓNS DE FOMENTO DE MERCADOS MUNICIPAIS E FEIRAS LOCAIS. "EN LIÑA"

Destinatarios: Axentes de Desenvolvemento Local (ADL) da Administración Local da provincia de Lugo

Participantes: 50

Horas: 30

Datas celebración: Do 27 de novembro ao 22 de decembro de 2017

OBXECTIVOS:

- Dotar aos profesionais dos Concellos dunha ferramenta práctica de axuda na organización adecuada de feiras, mercados e outras modalidades de venda non sedentaria.
- Analizar a situación actual dos mercados municipais e feiras locais na rexión.
- Recoñecer a importancia dos mercados e feiras como canle de comercialización de venda directa e circuío curto.
- Optimizar e fomentar a organización e xestión dos mercados e feiras.
- Dotar de argumentos aos concellos para a realización das devanditas accións de fomento de mercados municipais e feiras locais.
- Potenciar a implantación de tecnoloxía, sistemas de calidade e de comercio sustentable para conseguir uns mercados máis competitivo e moderno

PROGRAMA:

- MÓDULO 1: INTRODUCCIÓN E SITUACIÓN ACTUAL DOS MERCADOS E FEIRAS.
- MÓDULO 2: DEFINICIÓN LEGAL, MODALIDADES DE VENDA E TIPOLOXÍA DE VENDEDORES.
- MÓDULO 3: INFRAESTRUTURA, SEGURIDADE E RECOMENDACIÓNS PARA ORGANIZACIÓN.
- MÓDULO 4: ACCIÓNS PARA O FOMENTO DE MERCADOS E FEIRAS LOCAIS.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
Gabinete de Formación

ANEXO II
SOLICITUDE INSCRIPCIÓN NAS ACCIÓNS FORMATIVAS

1. Título acción formativa	Código A. F.

2. Datos pessoais				
Nome:	Primeiro Apelido	Segundo Apelido	N.I.F.	

3. Datos profesionais								
Posto traballo:	Grupo/Subgrupo	A1	A2	B	C1	C2	AP	Entidade onde traballa
		☐	☐	☐	☐	☐	☐	
Dependencia	Enderezo do posto de traballo				Localidade		Provincia	
Minusvalía física	Si	Non	Teléf. Traballo	Fax traballo	Correo electrónico		Teléf. móbil / particular	
☐	☐							

Clase de persoal	Funcionario	Funcionario Interino	Persoal Eventual	Laboral Fixo	Laboral Temporal
	☐	☐	☐	☐	☐
Funcións que desempeña:					

4. A ter en conta
Segundo recollen as bases de convocatoria o prazo de presentación de solicitudes será desde o día seguinte á publicación no BOP ata a data e hora que aparece nas bases xerais da convocatoria. No caso de non cubrirse as prazas, manterase aberto ata completarse. O solicitante deberá cumprimentar todos os campos da solicitude. Aquelas accións formativas que se celebren dentro do horario laboral do solicitante, é obrigatoria a autorización do superior xerárquico. A non comparecencia ou abandono dun participante admitido terá como consecuencia que, durante un ano, non será admitido nas distintas accións formativas.

5. Declaración
Declaro, baixo a miña responsabilidade, que coñezo as bases da convocatoria e que son certos os datos que apporto á solicitude que abaixo asino.

6. Informe Entidade Local
Declaro, baixo a miña responsabilidade, que coñezo as bases da convocatoria e que son certos os datos que apporto á solicitude que abaixo asino.
☐ Favorable ☐ Desfavorable Sinatura e selo (Alcalde, Presidente, Xefe de Servizo...)

SOLICITO realiza-la acción formativa ou actividade de referencia

_____, _____ de _____ de _____
Sinatura

ILMO. SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
Gabinete de Formación. Rúa San Marcos, 8. 27001 Lugo. Telf: 982 260 065 / 982 260 035. Fax 982 260 169. e-mail: formacion@deputacionlugo.org

De conformidade coa L.O. 15/1999, infórmase que os datos de carácter persoal que se solicitan no presente formulario pasarán a formar parte dun ficheiro inscrito na Axencia Española de Protección de Datos, do cal é responsable a Deputación de Lugo, e serán tratados co fin de levar a cabo tódalas xestións relacionadas coa atención a súa solicitude. Así mesmo vostede autoriza a cesión dos seus datos a aquelas empresas ou entidades que colaboren na organización e xestión das accións formativas solicitadas. Vostede consente o tratamento destes datos podendo exercer os seus dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición dirixíndose ó enderezo arriba indicado.

ÁREA DE INNOVACIÓN, PARTICIPACIÓN CIDADÁ, MOCIDADE E DEPORTES

Anuncio

BASES DA CONVOCATORIA DA ÁREA DE INNOVACIÓN, PARTICIPACIÓN CIDADÁ, MOCIDADE E DEPORTES DA DEPUTACIÓN DE LUGO QUE REXERÁN A CONCESIÓN DE BOLSAS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO NA ANUALIDADE 2017

Para impulsar a práctica deportiva, a Presidencia da Deputación, a través da Área de Innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deportes, convoca bolsas para a promoción e difusión do deporte, sendo consciente das dificultades dos e das deportistas lucenses de modalidades individuais, -especialmente nas etapas de iniciación- para progresaren na súa formación integral.

Nesa perspectiva é na que se insire o presente programa de bolsas a deportistas individuais, de conformidade co disposto na Lei 38/03, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/07, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Ordenanza Xeral de Subvención da Deputación de Lugo.

PRIMEIRO.- OBXECTO

Constitúe o obxecto desta convocatoria a ordenación do procedemento aplicable para o outorgamento de bolsas para deportistas individuais da provincia de Lugo, anualidade 2017, de modalidades deportivas de carácter individual, excluíndose, por tanto, os/as practicantes de disciplinas e modalidades de deportes de equipo, dobres, parellas ou grupo. Por exemplo, 4x100, ximnasia en probas colectivas, dobres en deportes de raqueta, modalidades de máis de 1 tripulante de piragüismo, vela, remo,... pádel, volei praia, etc. Quedan expresamente excluídas as xornadas de control, ligas locais, competicións escolares, probas populares, benéficas e análogas ás anteriores.

Quedan así mesmo expresamente excluídos desta convocatoria os/as deportistas individuais da disciplina automobilismo, especialidade rally (en calquera das súas categoría e modalidades).

RÉXIME DA CONVOCATORIA

As bolsas para deportistas individuais da provincia de Lugo na anualidade 2017, teñen por obxecto a cobertura de custos (código obxecto 3), articularanse na modalidade bolsas código instrumento axuda SUBV) sen contraprestación en réxime de concorrência competitiva, sendo esta un tipo de subvención non cualificable como axuda de Estado a empresa (código tipo de subvención 1), encadrada dentro do sector económico das actividades deportivas (código sector económico 93.1) cunha finalidade de promoción deportiva (código finalidade 18), prevendo unha diminución ou eliminación das desigualdades detectadas e contribuíndo aos obxectivos das políticas de igualdade (código do impacto de xénero 3).

Pódese consultar a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección:

<http://run.gob.es/owqlth>

SEGUNDO.- DESTINATARIOS

Poderán ser beneficiarios das bolsas da presente convocatoria as persoas físicas que sexan deportistas federados, de calquera categoría, e exclusivamente de modalidades deportivas individuais (excluíndose, por tanto os/as practicantes de disciplinas e modalidades de deportes de equipo, dobres, parellas ou grupo) de nacionalidade española ou residentes legais en España, que cumpran cos seguintes requisitos:

A. REQUISITOS PERSOAIS

1. Ter residencia en calquera dos municipios da provincia de Lugo, durante o ano 2016.
2. Posuír ficha federativa durante o ano 2016 e manter na data de presentación de solicitudes ficha federativa oficial, na disciplina e/ou modalidade para a que solicita a bolsa.
3. Estar ao corrente nas obrigas tributarias coa Facenda estatal e autonómica, así como estaren ao corrente das obrigas coa Seguridade Social e coa Deputación Provincial.
4. Os establecidos no artigo 13 da Lei xeral de subvencións e aplicables no presente caso.
5. Non estar cumprindo sanción firme por infracción disciplinaria ou administrativa en materia deportiva, cualificada como grave ou moi grave.

B. REQUISITOS DEPORTIVOS.

Para poder ser beneficiario da bolsa, o/a deportista deberá acreditar mediante a respectiva certificación federativa (modelo Anexo VI) a consecución polo menos e como mínimo de un (1) dos seguintes postos ou

resultados deportivos e referidos á súa respectiva disciplina ou modalidade deportiva e durante a anualidade 2016.

- Campión/a provincial
- Lograr do 1º ao 8º posto no campionato galego (ambos os dous incluídos) (cuartofinalistas en competicións por eliminatorias)
- Lograr do 1º ao 16º posto no campionato estatal (ambos os dous incluídos) (oitavofinalistas para competicións por eliminatorias)
- Participación no campionato europeo
- Participación no campionato mundial.
- Atoparse entre os tres primeiros do ranking galego,
- Atoparse entre os dez mellores do ranking estatal
- Atoparse entre os vinte primeiros do ranking europeo
- Atoparse entre os cincuenta mellores do ranking mundial.
- Campión/a universitario galego.
- Lograr do 1º ao 3º posto no campionato universitario estatal.

O logro e consecución dos postos e méritos deportivos indicados neste punto como requisitos deportivos para poder ser beneficiario de bolsa, deberá estar expresamente indicado na respectiva certificación federativa de acordo cos anteriormente referidos méritos. De non reflectirse expresamente tal circunstancia na correspondente certificación, entenderase que non cumpre o requisito indicado.

Dado que as distintas modalidades deportivas teñen un calendario de competicións diferente, para os efectos da presente convocatoria, establécese como tempada o período que vai desde o 1 de xaneiro de 2016 até o 31 de decembro do 2016.

Estas bolsas non serán compatíbeis con outras axudas públicas da Deputación de Lugo para a mesma finalidade.

As bolsas a conceder ao abeiro da presente convocatoria concederanse en réxime de concorrencia competitiva e baixo os principios de obxectividade, transparencia, igualdade, non discriminación, eficacia e eficiencia.

Tendo en conta as características e obxectivos das presentes bolsas, establece unha idade máxima dos/das aspirantes, limitada a 35 anos a data de 31 de decembro de 2016.

Esta limitación de idade non será de aplicación para deportistas de capacidades diferentes.

Establécese como importe máximo de cada bolsa 1.500,00 € e como importe mínimo de cada bolsa 300,00 €.

Tendo en conta o orzamento previsto da actuación e o importe mínimo e máximo determinado por estas bases para cada unha das bolsas, o número máximo de bolsas a conceder será de cento cincuenta bolsas, de acordo co criterio de puntuación total, -de maior a menor-, acadada por cada solicitante e de acordo coa suma de puntuación dos dous (2) mellores resultados individuais absolutos nos respectivos campionatos, en base aos criterios de valoración do punto sétimo das presentes bases e da respectiva certificación federativa.

A distribución do crédito orzamentario, de acordo co número máximo de bolsas a conceder e os máximos e mínimos importes establecidos é a seguinte:

As/os cinco deportistas con maior puntuación 1500€	5 bolsas	7500 euros
Do 6º ao 15º 1000€	10 bolsas	10000 euros
Do 16º ao 35º 750€	20 bolsas	15000 euros
Do 36º ao 75º 500€	40 bolsas	20000 euros
Do 76 ao 150º 300€	75 bolsas	22500 euros
	150 bolsas	75000 euros

Do total anterior, resérvase expresamente unha porcentaxe mínima do 7% das cento cincuenta bolsas para deportistas con capacidades diferentes. En consecuencia, establécese en once (11) o número de bolsas asignadas a este colectivo, que de non seren cubertas, pasarían a asignarse entre o resto de solicitantes de acordo cos criterios establecidos nesta convocatoria, número que se distribuirá do seguinte xeito:

Á/ao deportista con capacidades diferentes con maior puntuación 1500€	1 bolsa	1500 euros
2º mellor puntuación 1000€	1 bolsa	1000 euros
3º e 4º mellor puntuación 750€	2 bolsas	1500 euros
Do 5º ao 7º mellor puntuación 500€	3 bolsas	1500 euros
Do 8º ao 11 mellor puntuación 300€	4 bolsas	1200 euros
	11 bolsas	6700 EUROS

No suposto de se acadar o límite máximo de bolsas a conceder indicado anteriormente, - para a determinación da relación de deportistas bolseiros/as-, e para os exclusivos efectos de que se produza calquera empate na determinación da puntuación total de cada un dos beneficiarios/as, procederase de xeito excepcional á valoración dos sucesivos mellores resultados de cada un deles até que se produza o referido desempate e de acordo co seguinte detalle e orde:

- Mellor resultado no campionato do mundo
- Mellor clasificación no ránking mundial
- Mellor resultado no campionato de Europa
- Mellor clasificación no ránking europeo
- Mellor resultado no campionato de España
- Mellor clasificación no ránking estatal
- Mellor resultado no campionato galego
- Mellor clasificación no ránking autonómico
- Mellor resultado no campionato provincial
- Menor idade do/da solicitante
- Deportista fémia.

TERCEIRO.- CONTÍA E CRÉDITO ORZAMENTARIO

A dotación orzamentaria total da presente convocatoria é de 75.000,00 €, distribuídos segundo o establecido no punto segundo das presentes bases. As presentes bolsas convócanse con cargo á aplicación orzamentaria 3410.481, segundo se recolle no Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019 dentro da liña 4.2 Deportes, da Área de Innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deporte.

CUARTO.- DOCUMENTACIÓN, FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

As solicitudes, presentaranse conforme ao modelo oficial, que figura no Anexo I, no Rexistro Xeral da Deputación e de acordo co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Prazo para a presentación de solicitudes: **10 días naturais** a contar desde o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no BOP de Lugo. Cada deportista só poderá presentar una única solicitude (Anexo I) e optar a unha única bolsa, independentemente do número de modalidades deportivas que practique.

As solicitudes (Anexo I) virán acompañadas da seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI do interesado/a (no caso de menor de idade deberán achegar tamén a Fotocopia do DNI do titor/a que asine e acompañe as autorizacións).
- Certificado orixinal de empadramento do/da solicitante no concello da provincia de Lugo correspondente.
- Declaración responsable de estar ao corrente das obrigas coa Axencia Tributaria estatal, coa facenda galega, coa Seguridade Social e co Servizo de Recadación Provincial. (Anexo IV)

- D. Declaración xurada das subvencións ou axudas solicitadas ou percibidas polo/a solicitante por parte doutras entidades públicas ou privadas (nacionais ou estranxeiras) para o financiamento da actividade para a que se solicita a bolsa (Anexo II).
- E. Declaración xurada de non estar incurso en prohibición para obter a condición de beneficiario da subvención conforme ao disposto no art. 13 da Lei xeral de subvencións. (Anexo II).
- F. No caso de ser beneficiario/a de subvencións anteriores, declaración xurada que acredite o cumprimento das obrigas inherentes ás mesmas (Anexo II).
- G. Cubrir e achegar asinado (solicitante e pai/nai ou titor/a no caso de ser menor) o Modelo 145 referido ao IRPF. Retencións sobre rendementos de traballo. (Axencia Tributaria Estatal).
- H. Documento bancario acreditativo da titularidade da conta bancaria, no que necesariamente figurará o solicitante.
- I. Autorización para recibir a través de correo electrónico comunicación relativas á convocatoria (segundo o modelo Anexo V).
- K) Declaración xurada da condición ou non de deportista profesional. (Anexo III).

DOCUMENTACIÓN DE CARÁCTER DEPORTIVO PARA A VALORACIÓN DA SOLICITUDE:

Certificación da respectiva federación de posesión da correspondente licenza federativa oficial para a respectiva disciplina e/ou modalidade deportiva durante a anualidade 2016 e no momento da solicitude da bolsa (ano 2017) e dos resultados obtidos polo/a solicitante no período comprendido desde o 1 de xaneiro de 2016 e o 31 de decembro de 2016.

O referido certificado deberá reflectir :

- Os resultados obtidos polo/a solicitante no período comprendido desde o 1 de xaneiro de 2016 e o 31 de decembro de 2016. O referido certificado deberá reflectir a data, disciplina deportiva, consideración oficial do campionato (do mundo, estatal, galego, universitario ou provincial), lugar de celebración, modalidade deportiva e posto individual absoluto/global no respectivo campinato logrado polo/a deportista solicitante, e no seu caso, os datos oficiais relativo ás olimpiadas.
- A posesión de licenza deportiva da respectiva federación oficial na disciplina ou modalidade deportiva para a que solicita a bolsa, na anualidade 2016 e na actualidade (ano 2017).

Para o trámite de valoración de méritos deportivos, a respectiva federación deportiva deberá certificar como máximo os seis mellores resultados, de acordo como modelo Anexo VI e en base ao baremo de puntuación establecido no punto sétimo da convocatoria.

En ningún caso se terán en conta xornadas de control, ligas locais, competicións escolares, probas populares, benéficas e análogas ás anteriores.

Deberá acreditar así mesmo, e de ser o caso, a inclusión do/a solicitante no ránking galego, estatal, europeo ou mundial, con indicación do posto que aquel/aquela ocupe a data 31 de decembro de 2016.

O mencionado anexo deberá vir certificado pola respectiva federación e acreditando que os méritos deportivos alegados son certos.

Os anexos que figuran na documentación requirida estarán a disposición das persoas solicitantes na Área de Innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deportes da Deputación de Lugo, así como na páxina web da Excma. Deputación Provincial de Lugo, www.deputacionlugo.org

A presentación das solicitudes supón a aceptación incondicional das presentes bases e das condicións, requisitos e obrigas contidas nelas.

A concorrencia ao proceso de concesión das bolsas implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na Lei orgánica 15/99, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente a xestión de tramitación do expediente correspondente.

QUINTO.- PROCEDEMENTO

Unha vez presentada a solicitude, os servizos técnicos da Área de Innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deportes da Deputación de Lugo, revisarán a documentación achegada. No caso de estar incompleta ou conter erros, requirirase aos/ás solicitantes para que no prazo de dez días hábiles, acheguen os documentos preceptivos ou remedien a falta, con indicación de que se transcorrido o prazo non o fixeran, procederase ao arquivo da solicitude.

A non presentación da documentación precisa ou a omisión de datos de xeito total ou parcial terá como consecuencia a non valoración dos méritos dentro dos criterios establecidos que non estean suficientemente xustificadas.

SEXTO.- AVALIACIÓN DAS SOLICITUDES

A área de Innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deporte desta Deputación Provincial de Lugo será a encargada de instruír e tramitar os respectivos expedientes. Para tal efecto constituirase unha Comisión de Avaliación que se encargará da valoración das solicitudes presentadas e formulará unha proposta a través do órgano instrutor consonte ao disposto no Artigo 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

A devandita Comisión estará composta por tres funcionarios da Deputación de Lugo, a Sra. Interventora e Sr. Secretario Xeral da Deputación Provincial.

As regras de funcionamento da Comisión serán as recollidas na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Os funcionarios da Deputación que se integrarán na sinalada Comisión de avaliación serán designados por Resolución da Presidencia, que precisará quen ostentará a Presidencia.

Revisados os expedientes e completados, de ser o caso, remitiranse á Comisión de Valoración para que esta proceda á súa avaliación e informe, no que se concretará o resultado da avaliación efectuada.

A Comisión de avaliación resolverá e incluírá no seu informe, de ser o caso, aquelas dúbidas que puidesen xurdir na aplicación dos criterios establecidos.

O órgano instrutor, elevará á Xunta de Goberno da Deputación para a súa aprobación o informe da comisión de valoración xunto coa proposta de resolución.

A proposta, que non terá carácter vinculante, deberá expresar o/a solicitante ou a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da bolsa, e a súa contía, debendo facer constar –de xeito expreso – a desestimación do resto das solicitudes, se e o caso, segundo os principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, establecendo a orde de puntuación para os posibles bolseiros/as suplentes, para os efectos de se producir algunha renuncia, e poder no seu caso, determinar o bolseiro/a suplente como perceptor de bolsa.

Unha vez valoradas todas as solicitudes por parte da Comisión de Valoración, o Presidente da Deputación de Lugo, proporalle a concesión das bolsas á Xunta de Goberno, quen resolverá.

O prazo máximo para resolver o procedemento, será como máximo, de tres meses e en todo caso, antes do 31 de decembro de 2017. Transcorrido o citado prazo sen que se adopte resolución expresa, entenderase desestimada.

A aceptación da bolsa concedida entenderase efectuada se no prazo de 15 días hábiles contados a partir do seguinte hábil ao da notificación da resolución non renunciaron a ela expresamente mediante escrito dirixido á Área de Innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deportes.

SÉTIMO.- CRITERIOS DE VALORACIÓN

Tendo en conta o orzamento previsto da actuación e o importe mínimo e máximo determinado por estas bases para cada unha das bolsas, o número máximo de bolsas a conceder será de cento cincuenta bolsas, de acordo co criterio de puntuación total, -de maior a menor-, acadada por cada solicitante e de acordo coa suma dos dous (2) mellores resultados en base aos criterios de valoración do cadro anexo e de acordo coa respectiva certificación federativa.

Os resultados a valorar deberán cinxirse exclusivamente á disciplina e/ou modalidade deportiva para a que se solicita a bolsa e na que o/a deportista teña a correspondente ficha federativa. De acordo co co establecido nas presentes bases, puntuarase os resultados acreditados na respectiva certificación federativa no período que vai desde o día 1 de xaneiro de 2016 até o 31 de decembro do mesmo ano. Todos os/as solicitantes deberán acreditar a súa participación e resultados con certificación da federación correspondente. Á hora de realizar a valoración cualificaranse os resultados acadados por cada deportista nas respectivas probas individuais e segundo o baremo establecido.

En consecuencia, non se valorarán probas de conxunto, dobres, parellas ou grupo. Por exemplo, probas de 4x100, ximnasia en probas colectivas, dobres en deportes de raqueta, modalidades de piragüismo, vela ou remo de máis de 1 tripulante, volei praia, etc.

Especificamente e dadas as características de determinadas disciplinas e modalidades deportivas cuxas competicións se desenvolvan por eliminatorias, e para os efectos de valoración e a asignación de puntuación por méritos, establécese o seguinte criterio:

- Naquelas disciplinas e modalidades deportivas que se desenvolvan por eliminatorias, a certificación federativa deberá indicar expresamente o posto logrado polo/a deportista solicitante, (é dicir, 1º ou campión/a, 2º ou subcampión/a, 3º, 4º....) en cada competición certificada.
- De non darse tal circunstancia, e de reflectirse na certificación federativa, a consecución do posto de semifinalista, cuartofinalista ou oitavofinalista, entenderase que o posto logrado se corresponderá co correlativo á eliminatoria da competición de que se trate de acordo cos participantes en cada unha das

referidas eliminatorias, aplicándolles a correspondente puntuación establecida no cadro xeral, de acordo coa seguinte equivalencia :

SEMIFINALISTAS	4º posto
CUARTOFINALISTAS	8º posto
OITAVOFINALISTAS	16º posto

POSTO	PROBAS CAMPIONATO DO MUNDO	RANKING MUNDIAL	PROBAS CAMPIONATO DE EUROPA	RANKING EUROPEO	PROBAS CAMPIONATO DE ESPAÑA	RANKING ESPAÑA	PROBAS CAMPIONATO GALEGO	RANKING GALEGO	PROBAS CAMPIONATO PROVINCIAL	PROBAS CAMPIONATO MUNDIAL UNIVERSITARIO	PROBAS CAMPIONATO ESTATAL UNIVERSITARIO	PROBAS CAMPIONATO GALEGO UNIVERSITARIO
1º	100	90	80	60	40	30	20	15	10	20	15	10
2º	90	80	70	50	35	25	17	12	8	17	12	8
3º	80	70	60	40	30	20	14	10	6	14	10	6
4º	70	60	55	35	25	18	12	8	4	12	8	4
5º	65	55	50	32	22	16	10	6	2	10	6	2
6º	60	50	45	30	20	15	9	5		9	5	
7º	55	45	40	28	18	14	8	4		8	4	
8º	50	40	35	26	16	13	7	3		7	3	
9º	45	35	30	24	14	12	6	2		6	2	
10º	40	30	25	22	12	11	5	1		5	1	
11º ao 16º	30	20	15	10	8	5	2			2		
Participación probas campionato a partir do posto 17º (incluído)	20		10		5		1					

RESULTADOS OLIMPIADAS/PARAOLIMPIADAS 2016

Medalla ouro	100											
Prata	90											
Bronce	80											
Diploma olímpico	70											
Participación en olimpíada	45											

OITAVO.- RESOLUCIÓN, PUBLICIDADE E RECURSOS

A Xunta de Goberno a proposta do órgano instructor resolverá definitivamente as subvencións. A resolución, ademais de conter o nome do solicitante da bolsa ou relación de solicitantes co seu número de solicitude aos que se concede a subvención, fará constar, se é o caso, de xeito expreso a desestimación do resto das solicitudes.

Ao abeiro do disposto no artigo 41 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a resolución do procedemento non será obxecto de notificación individualizada aos afectados, senón que será obxecto de notificación por medio de publicación no BOP.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de tres meses. O prazo computarase a partir do día en que remata o prazo establecido na convocatoria para presentalas. De conformidade co artigo 15 da Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación, no caso de non ditarse

resolución expresa no prazo indicado, o interesado poderá entender desestimada a súa solicitude, sen prexuízo da obriga legal de resolver expresamente conforme o disposto nos artigos 21 e 25 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A resolución porá fin á vía administrativa e contra ela os/as interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano no prazo dun mes desde a notificación, ou ben alternativamente recurso contencioso-administrativo, diante do Xulgado Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados dese o día seguinte á referida notificación.

A resolución que poña fin ao procedemento deberá expresar a relación de solicitantes aos que se lle conceden as bolsas, podendo designar ademais os adxudicatarios suplentes, en orde de prioridade, e maila relación de solicitudes desestimadas, se for o caso, segundo establece o artigo 25 da Lei xeral de subvencións.

NOVENO.- PAGAMENTO DAS BOLSAS

O pagamento das bolsas farase nun único pagamento previa proposta efectuada polo Presidente da Deputación de Lugo, e tras un informe do xefe de servizo de Deportes da Área de innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deportes, no que se fará constar a existencia e custodia dentro da Unidade Administrativa, da documentación requirida aos solicitantes no punto cuarto das Bases e achegar copia da documentación contida na base cuarta, puntos a), c), d), e), f), g), h), e k) ao Servizo de Intervención.

Non haberá posibilidade de efectuar pagamentos anticipados e aboamentos a conta da bolsa concedida.

DÉCIMO.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS/AS

Os beneficiarios/as das bolsas están obrigados a facilitar a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Deputación de Lugo, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das funcións de fiscalización e control de destino das referidas bolsas.

Cumprir todas as normas establecidas nos apartados anteriores. Publicitar a súa condición de receptor de bolsas da Deputación de Lugo nas competicións e actividades deportivas nas que participe, a través da indumentaria ou en calquera outro elemento susceptible de portar imaxe.

UNDÉCIMO.- RENUNCIA, REVOGACIÓN E REINTEGRO DE CANTIDADES.

A renuncia á bolsa por parte do beneficiario/a, unha vez iniciado o goce deste, deberalle ser comunicada mediante o correspondente escrito ao Presidente da Deputación de Lugo, polo menos con sete días de antelación á data na que se solicite que sexa aceptada a súa renuncia. A renuncia dará lugar á devolución das cantidades percibidas, se procede, e determinará a perda dos dereitos económicos da parte da bolsa non gozada e así mesmo dará lugar ao reintegro da totalidade das contías percibidas e a esixencia do xuro de mora correspondente dende o momento do pagamento da bolsa ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, ou a data na que o debedor ingrese o reintegro se é anterior a esta, de conformidade con canto se establece no artigo 16 da Ordenanza Xeral de subvencións desta Deputación, no artigo 34.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións e no artigo 31.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de Subvencións de Galicia.

O persoal técnico e facultativo que coordine esta convocatoria de bolsas poderá propoñerlle ao órgano competente da Deputación de Lugo a revogación das mesmas por falta de dedicación ou incumprimento das condicións sinaladas, con base en informe debidamente motivado, podendo anular os beneficios concedidos e solicitar a devolución das cantidades percibidas, se as houber, no prazo que establece o Regulamento Xeral de Recadación.

A adxudicación das bolsas será igualmente revogada total ou parcialmente no caso de que se comprobese que na súa concesión concorreu ocultación, falsidade de datos, ou que existen incompatibilidades con outros beneficios desta clase procedentes doutras persoas físicas ou xurídicas.

A solicitude das bolsas implica o coñecemento e aceptación do disposto nestas bases.

DUODÉCIMO.- RÉXIME XURÍDICO

Para todos aqueles extremos non previstos nestas bases da convocatoria, aplicárase a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e con carácter supletorio a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; o RD 887/06, de 21 de xullo polo que se aproba o regulamento de subvencións; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galiza; a Ordenanza xeral de subvencións da Excm. Deputación Provincial de Lugo, aprobada por acordo do Pleno de data 28 de febreiro de 2005; o Regulamento Orgánico da Deputación; as Bases de execución do orzamento e a normativa sobre delegación de competencias e atribucións dos órganos de goberno da Deputación vixentes no momento da concesión, así como a demais normativa vixente que resulte de aplicación.

Autorízase ao órgano competente da Deputación de Lugo para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento destas bases da convocatoria e o inicio.

Lugo, 27 de outubro de 2017.- O Presidente, Darío Campos Conde.- O Secretario Xeral, Cristobal Víctor Fraga Bermejo



ANEXO I

SOLICITUDE BOLSAS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO NA ANUALIDADE 2017

DATOS DO SOLICITANTE			
NOME E APELIDOS			
DATA DE NACEMENTO			
D.N.I. NÚMERO			
ENDEREZO A EFECTOS DE COMUNICACIÓN			
RÚA/PRAZA:		Nº:	PISO:
C.P.:	LOCALIDADE:		
CONCELLO:		PROVINCIA:	
TELÉFONOS			
CORREO ELECTRÓNICO			

DATOS DO PAI/NAI OU TITOR/A			
NOME E APELIDOS			
D.N.I. NÚMERO			
ENDEREZO A EFECTOS DE COMUNICACIÓN(CUBRIR SE SON DIFERENTES AOS DO SOLICITANTE)			
RÚA/PRAZA:		Nº:	PISO:
C.P.:	LOCALIDADE:		
CONCELLO:		PROVINCIA:	
TELÉFONOS			
CORREO ELECTRÓNICO			

DATOS DA FEDERACIÓN	
FEDERACIÓN DE	
NOME E APELIDOS (representante)	
TELÉFONOS	
CORREO ELECTRÓNICO	

EXPOÑO:

- Que cumpro todos os requisitos esixidos na presente convocatoria de bolsas para deportistas individuais 2017.
- Que asumo todos os compromisos reflectidos na referida convocatoria.
- Que achego a documentación esixida.

SOLICITO: a concesión dunha bolsa a deportista individual.

....., de de 2017

Asdo.: O interesado/a Asdo.: O pai/nai ou titor/a



ANEXO II

**MODELO DE DECLARACIÓN XURADA PARA OS EFECTOS DE SOLICITAR SUBVENCIÓN
BOLSAS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO NA ANUALIDADE 2017****O/A interesado/a**

D./D ^a .	D.N.I
---------------------	-------

O pai/nai ou titor/a de ser preciso

D./D ^a .	D.N.I
---------------------	-------

DECLARA BAIXO XURAMENTO QUE:

1.- Que non se atopa inhabilitado/a nin está incurso en ningunha das causas de prohibición sinaladas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, para obter a condición de beneficiario/a da subvención.

2.- Que en anos anteriores, de ter recibido unha bolsa polo mesmo concepto da Deputación de Lugo, cumpriu coas obrigas inherentes á mesma.

3.- Que (si ou non) solicitou ou recibiu, subvención ou axudas doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, para a mesma finalidade.

☐ **SI** recibín unha axuda da entidade por importe de€

☐ **NON** recibín ningunha axuda de ningunha entidade pública ou privada.

(Marque con un X na casíña que corresponda)

....., de de 2017

Asdo.: O interesado/a Asdo.: O pai/nai ou titor/a

**ANEXO III****DECLARACIÓN XURADA****O/A interesado/a**

D./D ^a .	D.N.I
---------------------	-------

O pai/nai ou titor/a de ser preciso

D./D ^a .	D.N.I
---------------------	-------

DECLARA BAIXO XURAMENTO QUE:

De acordo co RD 1006/1985 de 26 de xuño, polo que se regula a relación laboral dos deportistas profesionais, e para os efectos do disposto no Regulamento do imposto sobre a renda aprobado polo RD 439/2007 de 30 de marzo.

☐ Declaro que durante o ano 2016 non tiven a condición de deportista profesional.

☐ Declaro que durante o ano 2016 tiven a condición de deportista profesional.

(Marque con un X na casíña que corresponda)

..... ade de 2017

Asdo.: O interesado/a Asdo.: O pai/nai ou titor/a

**ANEXO IV****DECLARACIÓN RESPONSABLE DE ESTAR AO CORRENTE COAS SÚAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E FRONTE Á SEGURIDADE SOCIAL**

A presente declaración responsable faise de acordo ao dobre contido que o artigo 69.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, reconece a estes documentos, de tal xeito que manifesto baixo a miña responsabilidade:

1. Que se atopa ao corrente das súas obrigas tributaria (Axencia Tributaria estatal, coa facenda galega e Deputación Provincial de Lugo) e coa Seguridade Social, no momento da sinatura da presente declaración
2. E que se compromete a manter o cumprimento das devanditas obrigas durante o período inherente ao recoñecemento ou exercicio do dereito ao cobro da bolsa outorgada pola Deputación de Lugo.

E para que conste ante esta Deputación Provincial de Lugo, asino esta declaración no lugar e data abaixo indicados.

..... ade de 2017

Asdo.: O interesado/a

Asdo.: O pai/nai ou titor/a

**ANEXO V****AUTORIZACIÓN**

O/A interesado/a

D./D ^a .	D.N.I
---------------------	-------

O pai/nai ou titor/a de ser preciso

D./D ^a .	D.N.I
---------------------	-------

AUTORIZO

Á Deputación Provincial de Lugo a facerme as comunicacións que no seu caso fosen precisas a través do correo electrónico indicado na solicitude, para o procedemento de concesión de bolsas para deportistas individuais da provincia de Lugo na anualidade 2017.

_____, ____ de _____ de 2017

Asdo.: O interesado/a

Asdo.: O pai/nai ou titor/a



ANEXO VI

CERTIFICADO FEDERATIVO BOLSAS DEPORTISTAS INDIVIDUAIS 2017

Datos da federación

Nome		CIF
Teléfono		Correo electrónico

Datos do secretario/a

D./Dona		DNI
Teléfono		Correo electrónico

Datos do/a deportista

D./Dona		DNI
Licenza na anualidade 2016 na respectiva disciplina: SI ☐ NON		Club
Licenza en vigor na actualidade (ano 2017) na respectiva disciplina: SI ☐ NON		

RESULTADOS CAMIPONATOS ANO 2016 (máximo os 6 mellores resultados)

	Data	Disciplina Deportiva	Campionato (do mundo, estatal, galego, universitario ou provincial) /Olimpiada	Lugar	Modalidade deportiva	Posto individual absoluto no respectivo campionato/ Olimpiada
1						
2						
3						
4						
5						
6						

RANKING INDIVIDUAL (a 31 de decembro de 2016)

NIVEL	Posto individual	Disciplina e/ou especialidade
MUNDIAL		
ESTATAL		
GALEGO		
PROVINCIAL		

E para que conste en para os efectos oportunos, declaro que os datos reflectidos son acertos e asino a certificación co Visto e Prace do presidente, a

___ de _____ do 2017

Vº e Prace

Asdo.: O/A Secretario Asdo.: O/A Presidente

SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL

Anuncio

De acordo cos principios de publicidade e transparencia, faise público que a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo en sesión ordinaria celebrada o venres 10 de novembro de 2017 acordou dar aprobación as bases de selección dos usuarios no programa LugoTermal 2017, así como, a súa publicación e convocatoria.

BASES DE SELECCIÓN DOS USUARIOS NO PROGRAMA LUGOTERMAL 2017

A Deputación de Lugo ten como un dos seus obxectivos principais promover o benestar social dos seus cidadáns, en cumprimento do establecido no artigo 50 da Constitución Española, o cal sinala que os poderes públicos promoverán o benestar mediante un sistema de servizos sociais que atenderán seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e lecer.

Ase mesmo, a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local no seu artigo 36 establece as competencias propias das Deputacións que serán as que lle atribúan en este concepto as leis do Estado e das Comunidades Autónomas nos diferentes sectores de la acción pública, establecendo, entre outras, cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social, e asegurar o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal. Neste senso, a Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, establece como competencias das Deputacións no artigo 109. d) o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia (LSSG), ten por obxecto estruturar e regular, como servizo público, os servizos sociais nesta Comunidade Autónoma de Galicia para a construción do sistema galego de benestar, entendendo por servizos sociais o conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega, mediante intervencións que permitan o logro de diversos obxectivos, entre os que se atopan: prever a aparición de calquera situación de dependencia, exclusión, desigualdade ou desprotección e promover e garantir o dereito universal da cidadanía galega ao acceso aos servizos sociais, garantindo a suficiencia orzamentaria que asegure a súa efectividade.

Ase mesmo, a citada LSSG establece que as competencias das deputacións provinciais, de conformidade co previsto na normativa de réxime local, proporcionarán asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das seus competencias en materia de servizos sociais, especialmente na prestación de servizos sociais comunitarios básicos por aqueles concellos con menos de vinte mil habitantes

Coa entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local (LRSAL), establece que as entidades locais non asuman competencias que non lles atribúe a lei e para as que non contén co financiamento adecuado. Por tanto, só poderán exercer competencias distintas das propias ou das atribuídas por delegación cando non se poña en risco a sustentabilidade financeira do conxunto da Facenda local.

En virtude de que a Comunidade Autónoma de Galicia ten atribuída a competencia exclusiva en materia de réxime local, de acordo co artigo 27 do seu Estatuto de autonomía, así como de acordo co seu artigo 49 a tutela financeira sobre os entes locais, respectando a autonomía que a estes recoñécenlles os artigos 140 e 142 da Constitución e de conformidade co artigo 27.2 do Estatuto, ditouse a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, a cal no seu artigo 3 establece en relación as competencias das entidades locais distintas das propias e das atribuídas por delegación, no seu apartado 3. a) que non se entenderá como exercicio de novas competencias a continuidade **na prestación dos servizos xa establecidos**, sendo este o caso que nos ocupa, xa que os programas de termalismo lévanse desenvolvendo por parte desta Deputación dende o ano 2011 nas súas diferentes edicións, dirixidos as persoas maiores empadroadas en calquera concello da provincia de Lugo, en colaboración cos balnearios autorizados pola autoridade competente para utilizar as augas minero-medicinais declaradas de utilidade pública con fins terapéuticos e preventivos para a saúde, na provincia de Lugo, segundo o establecido no artigo 22 da Lei 5/1995, de 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia,

A Deputación de Lugo pretende levar a cabo, un ano mais, un programa preventivo da dependencia e da promoción da autonomía persoal, potenciando o envellecemento activo a través do termalismo, denominado "LugoTermal 2017". Este programa terá como obxectivo principal a mellora da calidade de vida das persoas participantes, cun carácter preventivo da dependencia e da promoción da autonomía persoal a través dos tratamentos/técnicas termais, estando dirixido a persoas que teñan 55 anos o mais e que se topen empadroadas nalgún concello da provincia de Lugo, podendo levar consigo unha persoa en calidade de acompañante, que non cumpra os requisitos sinalados.

Co obxecto de seleccionar aos participantes deste programa mediante un procedemento de concorrência non competitiva redáctanse as presentes bases de selección, así como, a súa convocatoria.

Base 1. Obxecto

O obxecto destas bases é a oferta de prazas para tratamentos termais con e sen estancia en establecementos balnearios na provincia de Lugo dentro do programa de Benestar Social da Deputación de Lugo denominado “LugoTermal 2017”, así como, proceder a súa convocatoria.

A tal efecto enténdese por establecementos balnearios da provincia de Lugo aqueles que empreguen as augas mineromedicinais declaradas de utilidade pública con fins terapéuticos e preventivos para a saúde, segundo a Lei 5/1995, de 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia e se atopen nalgún dos concellos desta provincia.

Base 2. Participantes

Poderán ser persoas beneficiarias do programa de Benestar Social da Deputación de Lugo “LugoTermal 2017” en establecementos balnearios, participantes no programa, da provincia de Lugo aquelas que reúnan os seguintes requisitos na data na que solicite a participación no programa:

- a) O solicitante titular do Programa deberá cumprir os requisitos de estar empadroado nalgún dos concellos da provincia de Lugo e ser maior de 55 anos cumpridos no momento de efectuar a solicitude. O solicitante titular, poderá participar cun acompañante que non cumpra os requisitos contemplados neste parágrafo.
- b) Valerse por se mesmo para as actividades da vida diaria e estar en condicións de participar no programa, excepto no caso de fillos/as que acudan en calidade de acompañantes.
- c) Non padecer alteracións do comportamento que podan afectar á normal convivencia nos establecementos, ni padecer enfermidade transmissible con risco de contaxio.
- d) Carecer de contraindicación médica para a recepción dos tratamentos termais.

Base 3. Prazas

O número de prazas ofertadas no proxecto “LugoTermal 2017” serán as reflectidas no anexo II, na modalidade A tratamentos con estancia, así como, na modalidade B tratamentos sen estancia que se levarán en diferentes quendas e establecementos termais da provincia de Lugo durante o período comprendido entre o mes de novembro é o mes de marzo de 2018.

Base 4. Servizos e prestacións ofertados**Modalidade A tratamentos con estancia:**

- a) Serán estancias, nos establecementos termais da provincia de Lugo, que participen no programa, de 6 días e 5 noites en réxime de pensión completa, tendo en conta que con carácter xeral as entradas efectuaranse os domingos e as saídas os venres, tendo a cea o día de entrada e o almorzo e xantar o día de saída.
- b) O número de técnicas termais, que en cada caso, prescriba o médico do balneario, deberá ser como mínimo de 12 tratamentos por estancia, podendo ser ampliado por cada establecemento termal, en función da circunstancia persoal de cada participante e dispoñibilidade. En todo caso, non se aplicarán as 12 técnicas termais, cando estea contraindicado polo médico do establecemento termal correspondente, o cando o usuario así o solicite expresamente, tendo que facilitarlle o balneario algunha alternativa, sempre que sexa viable e posible.
- c) Os tratamento termais realizaranse utilizando as técnicas específicas de cada modalidade terapéutica concertada, adecuadas á circunstancia persoal de cada participante, en función da tolerancia e características do mesmo, e sempre baixo prescrición facultativa e seguimento médico.
- d) Os participantes terán un recoñecemento médico previo a aplicación das técnicas termais, co obxecto de coñecer a súa situación médica inicial e prescribir o tratamento termal mais axeitado. O médico do establecemento termal deberá efectuar un correcto seguimento dos tratamentos/técnicas termais co obxecto de controlar a evolución nos participantes, co especial vixilancia daquelas persoas que padecen enfermidades crónicas o se atopan en tratamento farmacolóxico que puidera verse afectado por estas técnicas termais. Realizarase un último control médico emitíndose un informe, a petición do usuario, no que se describan tódalas características do tratamento efectuado, a evolución durante o mesmo, así como, as posibles recomendacións.
- e) Os participantes dispoñerán, durante a súa estancia, dun servizo de ATS, con capacidade suficiente para atender as curas, inxectables, etc. que precisen os mesmos, tanto por prescrición do médico do balneario, como para continuar cos tratamentos que viñeran efectuando previamente.
- f) Se terán en conta as características dos participantes do programa á hora de confeccionar os menús, tendo en conta que as persoas que por prescrición facultativa requiran menú de réxime e así o acrediten, disporán dun menú especial. En todo caso o servizo de manutención poderase realizar en réxime de autoservizo ou con servizo en mesa. Se o establecemento optase polo autoservizo, deberá de prever persoal de apoio para os usuarios que o precisen.

g) O tipo de almuerzo será, como mínimo, o denominado "continental", composto por café e/ou infusións, zume, pastelería variada e tostadas, aceite de oliva, manteiga e marmeladas; os menús serán variados, ofertando, polo menos, dúas modalidades diferentes, tanto para o primeiro como para o segundo prato e sobremesa.

h) Os menús do xantar e da cea incluírán viño de mesa de calidade media e auga embotellada ou a propia do balneario, cando esta teña sido declarada oficialmente como auga mineromedicinal de utilidade pública e apta para a bebida, sobre todo se é para os tratamentos dos aparatos dixestivo, renal ou vías urinarias.

i) Os establecementos participantes deberán cumprir os requisitos de accesibilidade, dispor de teléfono e de cuartos para compartir, con baño completo ou ducha, auga quente e calefacción, no suposto de concertarse prazas para meses nos que este servizo é preciso.

j) Realizarase a limpeza diaria das habitacións. O servizo de toallas mudarase tódolos días, tendo en conta as políticas de protección do medio ambiente. A roupa da cama cambiarase, polo menos, dúas veces por estancia.

k) O programa termal complementarase cun programa de animación sociocultural.

l) As persoas beneficiarias que estean interesadas en aloxarse en habitación individual, no caso de que houberse dispoñibilidade, teranse que facer cargo da diferenza do custo que supoña, e as que precisen dalgún tipo de apoio ou dieta especial terano que indicar no momento de presentar a solicitude e acreditarlo ao incorporarse á quenda.

m) As persoas beneficiarias que estean interesadas en participar nas excursións ou actividades con custo adicional que organice o establecemento termal ou hostaleiro, deberán de facer polos seus propios medios e ao seu cargo.

n) O desprazamento desde o domicilio ata o establecemento termal así como o de regreso correrá a cargo das persoas beneficiarias.

o) No caso de contratar os participantes de "LugoTermal 2017" outras técnicas o tratamentos termais complementarios e non incluídos nas técnicas que sufraga a Deputación de Lugo, os establecementos aplicarán descontos sobre as súas tarefas oficiais.

p) Existirá a posibilidade de prolongar a súa estadía no establecemento termal tras rematar a súa estancia ao abeiro do Programa, cun prezo especial, en virtude da dispoñibilidade do establecemento, non estando sufragado dita ampliación pola Deputación de Lugo.

Modalidade B Termalismo sen estancia

a) Trataríase en recibir como mínimo 30 técnicas termais durante dez días (con carácter xeral de luns a venres), sen estancia nos establecementos termais da provincia de Lugo.

b) Os tratamento termais realizaranse utilizando as técnicas específicas de cada modalidade terapéutica concertada, adecuadas á circunstancia persoal de cada participante, en función da tolerancia e características do mesmo, e sempre baixo prescrición facultativa e seguimento médico.

c) Os participantes terán un recoñecemento médico previo a aplicación das técnicas termais, co obxecto de coñecer a súa situación médica inicial e prescribir o tratamento termal mais axeitado. O médico do establecemento termal deberá efectuar un correcto seguimento dos tratamentos/técnicas termais co obxecto de controlar a evolución nos participantes, co especial vixilancia daquelas persoas que padecen enfermidades crónicas o se atopan en tratamento farmacolóxico que puidera verse afectado por estas técnicas termais. Realizarase un último control médico emitíndose un informe, a petición do usuario, no que se describan tódalas características do tratamento efectuado, a evolución durante o mesmo, así como, as posibles recomendacións.

d) O desprazamento desde o domicilio ata o establecemento termal así como o de regreso correrá a cargo das persoas participantes.

Base 5. Prezo das prazas

Modalidade A Termalismo con estancia:

Esta modalidade do Programa tería un custe total máximo de 250,00€ por usuario e estancia IVE engadido, dos cales a Deputación de Lugo sufragaría como máximo 60,50€ IVE engadido e os restante 189,50€ IVE engadido correrá a cargo da persoa participante.

O citado importe é prezo pechado para todos os servizos incluídos no programa, sen que proceda efectuar dedución algunha se por calquera causa imputable á persoa beneficiaria esta non desfrutase da totalidade de dito servizos.

Modalidade B Termalismo sen estancia

Esta modalidade do Programa tería un custe total máximo a sufragar polos participantes de 200,00€ IVE engadido. O citado importe é prezo pechado para todos os servizos incluídos no programa, sen que proceda efectuar dedución algunha se por calquera causa imputable á persoa beneficiaria esta non desfrutase da totalidade de dito servizos.

Base 6. Presentación de solicitudes

A solicitude, presentárase conforme ao modelo oficial que figura nos anexos, dirixíndoa ao Ilmo. Sr. Presidente da Deputación de Lugo e presentándoa, preferentemente no Rexistro Xeral da Deputación de Lugo ou ben por calquera dos medios previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo para presentar a solicitude será dende o día seguinte á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, quedando aberta o prazo ata o remate do programa.

Existen impresos normalizados establecidos ó efecto que poderán obter por medios electrónicos na páxina principal da web da Deputación Provincial de Lugo (www.deputacionlugo.gal).

A presentación da solicitude implica a aceptación das normas deste procedemento.

Base 7. Solicitudes e documentación complementaria necesaria para a súa tramitación.

- As solicitudes formularanse no modelo oficial que se indica nos anexos destas bases, tendo que acompañalos de **dúas** fotocopias do DNI ou NIF do/a interesado/a en participar, ou documento que regulamentariamente o substitúa e do seu acompañante se fora o caso. Non se admitirán as solicitudes que non se axusten ao modelo oficial establecido.

- Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude indicarse o procedemento que ocupa, o código de expediente, se se dispón del e o servizo responsable do procedemento.

- A Deputación de Lugo, poderá, se así o considera preciso, solicitar documentación ao interesado e realizar as comprobacións e verificacións que considere oportunas acerca dos datos e documentos presentados polos solicitantes.

- A presentación das solicitudes supón a aceptación das condicións do programa, requisitos e obrigas fixados nel, ademais a concorrencia neste procedemento implica a manifestación tácita de consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación consonte co previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. A finalidade da recollida e tratamento dos datos de carácter persoal será estritamente a xestión, tramitación e xustificacións dos expedientes de axudas. En calquera caso resulta de aplicación a previsión contida no art. 6 da devandita LOPD 15/1999, do 13 de decembro.

Base 8. Instrución

O Servizo de Benestar Social será quen procederá a revisar as solicitudes e maila documentación presentada. No caso de estar incompleta, conter erros ou non achegar toda a documentación requirida, poderase reclamar aos solicitantes que emenden os defectos apreciados, de conformidade ao artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, outorgándolles un prazo de dez días hábiles, dende a notificación do requirimento, con indicación expresa de que se transcorridos estes días sen que se efectúe a emenda, procederase a ter por desistida a súa petición e ao arquivo da mesma, despois da correspondente resolución. Ase mesmo, realizaranse de oficio cantas actuacións se estimen necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos que constan na solicitude.

A selección dos participantes farase mediante un procedemento de concorrencia non competitiva, atendendo ao rigoroso orde de presentación das solicitudes, unha vez completa e correcta a solicitude efectuada polos interesados, e finalizará ao esgotar as prazas previstas para a execución do proxecto “LugoTermal 2017”.

Unha vez completa a solicitude, remitirase aos establecementos balnearios, para a asignación da quenda oportuna, que será acordada entre o establecemento elixido e os solicitantes, tendo en conta as preferencias destes, e a dispoñibilidade dos establecementos, así como, co recollido nas presentes bases. Cada establecemento balneario remitirá ao Servizo de Benestar Social da Deputación de Lugo a listaxe de usuarios e as quendas correspondentes, para a súa aprobación.

A resolución de participantes lle corresponde á Presidencia da Deputación de Lugo, na cal constarán os datos do beneficiario e tipo (titular ou acompañante), así como, o balneario asignado. Contra a indicada resolución, que esgota a vía administrativa, cabe interpoñer os seguintes recursos, sen prexuízo dos cales os interesados poderán exercer calquera outro que consideren procedente: recurso potestativo de reposición no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación ou publicación da resolución, perante o mesmo órgano que adoptou a resolución, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 de la Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, perante o Xulgado Contencioso Administrativo de Lugo, computado a partir do día seguinte ao da notificación ou publicación da resolución.

Esta resolución en aras de incrementar e reforzar a transparencia na actividade pública será publicada na web da institución segundo o establecido na Lei 19/2013, de 9 de decembre, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno

Base 9. Confirmación das prazas e lista de espera

Unha vez notificada mediante a publicación na páxina web desta entidade a concesión da praza, para poder facer uso dela, as persoas beneficiarias terán a obrigação de asinar o BonoTermal nominativo, que será facilitado pola Deputación de Lugo, para a súa presentación no establecemento Termal na quenda correspondente e que lle acreditará como participante do Programa.

As persoas solicitantes que, cumprindo os requisitos establecidos para participar no presente programa, non obteñan praza, quedarán incluídas nunha listaxe de espera, e serán chamadas por rigorosa orde de rexistro-validación da solicitude, segundo queden vacantes dispoñibles na opción elixida.

Existirá a posibilidade de que calquera participante do proxecto "LugoTermal 2017" poda volver a participar no mesmo, sempre e cando existan prazas sen cubrir e non exista lista de espera. En último termo, os novos solicitantes sempre terán prioridade sobre estes.

Base 10. Renuncia á praza.

No caso de que o/a beneficiario/a renuncie á praza outorgada no Programa "LugoTermal 2017" deberá comunicalo por escrito no prazo de 10 días contados a partir da notificación do outorgamento á Deputación Provincial de Lugo. De non presentarse a renuncia no prazo establecido será motivo de non admisión de novas solicitudes para este programa y convocatoria, salvo que a renuncia se xustifique axeitadamente (problemas de saúde, familiares...).

O beneficiario no caso de non poder acudir o día de entrada no establecemento balneario asignado, deberá comunicar tal circunstancia ao mesmo coa máxima premura, podendo facelo telefonicamente, así como, con posterioridade á Deputación de Lugo, en canta fora posible para o beneficiario.

Base 11. Perda da condición de beneficiario/a do programa

Ademais das circunstancias establecidas na base 10 das presentes bases, tamén perderán a condición de persoa beneficiaria participante do programa quen consigne ou achegue datos ou documentos falseados ou inexactos para a obtención das prazas reguladas polas presentes bases. Isto implicará a cancelación da praza obtida. No suposto de que xa participase na quenda a persoa beneficiaria deberá de aboar o prezo real da praza, así como, proceder ao reintegro da parte achegada pola Deputación de Lugo, sen prexuízo das accións que procedan na aplicación da normativa vivente, si xa desfrutara a quenda.

Aquelas persoas beneficiarias que non abonen ao establecemento termal, o importe da cantidade estipulada para a praza que se lle outorgou, non poderá volver a ser beneficiario deste programa ni na presente nin en futuras edicións.

Base 12. Protección de datos.

A concorrencia neste programa implica a manifestación tácita de consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación consonte co previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. A finalidade da recollida e tratamento dos datos de carácter persoal será a estritamente a xestión, tramitación e xustificacións dos expedientes. En calquera caso resulta de aplicación a previsión contida no Art. 6 da devandita L.O. 15/1999, do 13 de decembro.

Lugo, 10 de novembro de 2017.- O Presidente, Darío Campos Conde



ANEXO I - SOLICITUDE



1. DATOS DA PERSOA TITULAR SOLICITANTE

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	DNI	DATA NACEMENTO

1.1. DATOS A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

DOMICILIO (RÚA, NÚMERO, ESCALEIRA, ..)	CÓDIGO POSTAL	CONCELLO	TELÉFONO

1.2. REQUISITOS

CONCELLO NO QUE SE ATOPA EMPADROADO ACTUALMENTE	TELÉFONOS DE CONTACTO	DATAS DE PARTICIPACIÓN DE PREFERENCIA
	OU	;

1.3. MODALIDADE E ESTABLECEMENTO SOLICITADO

MODALIDADE	ESTABLECEMENTO THERMAL PREFERENCIA 1	ESTABLECEMENTO THERMAL PREFERENCIA 2

1.4. DECLARACIÓN RESPONSABLE

DECLARO baixo a miña responsabilidade que son certos os datos que consigno na presente solicitude, manifestando que quedo informado/a da obriga de comunicar á Deputación de Lugo calquera variación que dos mesmos puidera producirse no sucesivo, así como:

- Que **SI** me valgo por min mesmo/a para as actividades da vida diaria.
- SI estar en condicións de participar no programa LugoTermal 2017.
- Que **NON** presento alteracións do comportamento que me impidan a convivencia nos establecementos termiais.
- Que **NON** padezo enfermidade transmisíble con risco de contaxio.
- Que **NON** teño contraindicación médica para a recepción dos tratamentos termiais e **ACEPTO** as bases do programa LugoTermal2017.

En, a de de 201.

Asdo.:

2. DATOS DA PERSOA ACOMPAÑANTE

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	DNI	DATA NACEMENTO

2.1. DATOS DE CONTACTO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

TELÉFONO 1	TELÉFONO 2

2.2. DECLARACIÓN RESPONSABLE PERSOA ACOMPAÑANTE

DECLARO baixo a miña responsabilidade que son certos os datos que consigno na presente solicitude, manifestando que quedo informado/a da obriga de comunicar á Deputación de Lugo calquera variación que dos mesmos puidera producirse no sucesivo, así como:

- Que **SI** me valgo por min mesmo/a para as actividades da vida diaria
- SI estar en condicións de participar no programa LugoTermal 2017, agás no caso de fillos/as acompañantes.
- Que **NON** presento alteracións do comportamento que me impidan a convivencia nos establecementos termiais.
- Que **NON** padezo enfermidade transmisíble con risco de contaxio.
- Que **NON** teño contraindicación médica para a recepción dos tratamentos termiais e **ACEPTO** as bases do programa LugoTermal2017

En, a de de 201.

Asdo.:

ANEXO II

Ofértanse as seguintes prazas de termalismo:

MUNICIPIO	ESTABLECEMENTO TERMAL	Nº DE PRAZAS OFERTADAS / PREZO DA PRAZA POR USUARIO MODALIDADE CON ESTANCIA	Nº DE PRAZAS OFERTADAS / PREZO DA PRAZA POR USUARIO MODALIDADE SEN ESTANCIA
LUGO	BALNEARIO Y TERMAS DE LUGO, S.L.	30 PRAZAS 189,50€ IVE ENGADIDO	100 PRAZAS 200,00€ IVE ENGADIDO
PANTÓN	HOTEL BALNEARIO AUGAS SANTAS, S.L.	400 PRAZAS 189,50€ IVE ENGADIDO	20 PRAZAS 200,00€ IVE ENGADIDO
PALAS DE REI	BALNEARIO DE RIO PAMBRE, S.L.	170 PRAZAS 189,50€ IVE ENGADIDO	20 PRAZAS 200,00€ IVE ENGADIDO

R. 3333

SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO. UNIDADE DE OBRAS E PLANS*Anuncio***INFORMACION PÚBLICA**

Conforme ao disposto no art. 32.4 do R.D.L. 781/1986 do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sométese a información pública por espazo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte á publicación no B.O.P. deste anuncio, o expediente completo no que se inclúe o seguinte Plan:

PLAN EXTRAORDINARIO DE REHABILITACIÓN DE FIRMES DE VÍAS PROVINCIAIS 2017-2019.

Lugo, 6 novembro de 2017 O PRESIDENTE, Darío Campos Conde. P.D. Decreto nº 0402 de 24 de febrero de 2017 .O DEPUTADO PROVINCIAL, PABLO RIVERA CAPON. O SECRETARIO, Cristobal Víctor Fraga Bermejo.

R. 3329

*Anuncio***INFORMACION PUBLICA**

Polo órgano competente desta Deputación foron tomados en consideración os proxectos das obras:

CASTRO DE REI.- CONSTRUCCION DUNHA UNIDADE DE LEITE NA GRANXA GAIOSO CASTRO, GRANXA EXPERIMENTAL CAMPUS TERRA (EX016OB17AB).

En cumprimento do que se dispón no art. 93 do T.R.R.L aprobado por R.D.L. 781/86, ábrese un período de información pública para os efectos de alegacións, reclamacións ou suxestións por parte de persoas ou entidades lexitimadas, por espazo de 15 días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste edicto.

Palacio Provincial de Lugo a 6 de novembro de 2017. O PRESIDENTE, Darío Campos Conde. P.D. Decreto nº 0402/2017 de data 24-02-2017 O Deputado Provincial, Pablo Rivera Capón. O SECRETARIO, Cristobal Víctor Fraga Bermejo.

R. 3330

*Anuncio***INFORMACION PÚBLICA**

Conforme ao disposto no art. 32.4 do R.D.L. 781/1986 do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sométese a información pública por espazo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte á publicación no B.O.P. deste anuncio, as modificacións aprobadas no Pleno de data 31 de outubro de 2017 do PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2017.

Lugo, 6 de novembro de 2017 O PRESIDENTE, Darío Campos Conde. P.D. Decreto nº 0402 de 24 de febrero de 2017 .O DEPUTADO PROVINCIAL, PABLO RIVERA CAPON. O SECRETARIO, Cristobal Víctor Fraga Bermejo.

R. 3331

CONCELLOS**ALFOZ***Anuncio*

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 179.4, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, ao non haberse presentado alegacións durante o prazo de exposición ao público, quedou automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario de aprobación inicial deste Concello, adoptado en data 22 de setembro de 2017, sobre transferencia de créditos

entre aplicacións de gastos de distinta área de gasto que non afectan a baixas e altas de créditos de persoal, como segue a continuación:

APLICACIONES PRESUPUESTARIAS EN AUMENTO				
Aplicacións Presupostarias		Importe euros	Creditos iniciais	Créditos definitivos
1623.22799	Outros traballos realizados por outras empresas e profesionais	40.300,68.-€	21.000,00.-	61.300,68.-
165.210	Infraestuturas e bnes naturais	6.399,32.-€	1.000,00.-	7.399,32.-
165.22100	Energía eléctrica	20.000,00.-€	30.000,00.-	50.000,00.-
TOTAL EN AUMENTO		66.700,00.-€	52.000.-	118.700.-

APLICACIONES PRESUPUESTARIAS EN DISMINUCIÓN				
Aplicaciones Presupostarias		Importe euros	Créditos iniciais	Créditos definitivos
920.12004	Suelo do grupo C2	6.242,28.-€	16.924,92.-	10.682,64.-
920.12100	Complemento de destino	17.105,20.-€	36.850,52.-	19.745,32.-
920.12101	Complemento Específico	10.147,57.-€	24.455,01.-	14.307,44.-
920.16000	Seguridade Social	14.000,75.-€	31.128,83.-	17.128,08.-
430.131	Laboral Temporal	13.927,68.-€	13.927,68.-	0,00.-
430.16001	Seguridade Social Laboral	5.276,52.-€	5.276,52.-	0,00.-
TOTAL DISMINUCIÓN		66.700,00.-€	128.563,48	61.863,48

Contra o presente Acordo, en virtude do disposto no artigo 113 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 43 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora de devandita Xurisdición.

Sen prexuízo diso, a tenor do establecido no artigo 113.3 da Lei 7/1985, a interposición de devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou Acordo impugnado.

En Alfóz, a 03 de novembro de 2017.- O Alcalde, Jorge Val Díaz.

R. 3260

BEGONTE

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

FORMALIZACIÓN DE CONTRATO.-

Para cumpri-lo establecido no artigo 154.2 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, faise público a formalización do seguinte contrato:

1.- Entidade adxudicadora:

a)Organismo: Concello de Begonte.

b)Dependencia de tramitación do expediente : Secretaría- Intervención.

c)Dirección de Internet do perfil de contratante : www.concellodebegonte.es

2.- Obxecto do contrato:

a) Tipo de contrato: Obras.

b) Descrición do obxecto: “ A.P Exterior en Lugares das Parroquias de Saavedra, Santalla, Carral, Donalbai, Bóveda e Gaibor “

3.- Tramitación e procedemento de adxudicación:

a) Tramitación: Ordinaria.

b) Procedemento : Negociado sen publicidade.

4.- Orzamento base de licitación: 130.159,76 € (107.570,05 € de principal e 22.589,71 € de IVE)

5.- Formalización do Contrato :

a) Data de adxudicación : 19 de setembro de 2.017

b) Data de formalización : 02 de Outubro de 2017

c) Contratista: GUITEC, S. L.

d) Importe da adxudicación: 130.159,76 € (107.570,05 € de principal e 22.589,71 € de IVE)

Begonte, 31 de Outubro de 2.017.- O ALCALDE-PRESIDENTE. José Ulla Rocha.

R. 3261

GUITIRIZ***Anuncio***

Aprobado por Decreto da Alcaldía o padrón do 3º trimestre do ano 2017 correspondente a auga, lixo, canon e sumidoiros, por medio do presente faise público que durante o prazo dun mes, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente edicto no BOP, queda de manifesto nas oficinas do Concello de Guitiriz, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobado no caso de que non se produzan reclamacións contra o mesmo.

Contra o acordo de aprobación do correspondente padrón, poderá interpoñerse con carácter preceptivo recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, contado dende o día inmediato seguinte ó do remate da exposición pública do correspondente padrón.

A cobranza en período voluntario das taxas do padrón de auga, lixo, canon e sumidoiros correspondentes ao terceiro trimestre do 2017, terá lugar dende o día 6/11/2017 ao 6/01/2018 (ambos incluídos).

O cobramento efectuarase nalgúnhas das seguintes modalidades:

a) Nas dependencias municipais de recadación, en horario laboral de luns a venres, de 9 a 14 horas.

b) Mediante o sistema de domiciliación bancaria, segundo os datos facilitados polos suxeitos pasivos e que obren nesta Administración.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no citado artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, as débedas relativas á auga, lixo e sumidoiro faranse efectivas pola vía de constrinximento e serán esixibles os recargos do período executivo e xuros de demora que correspondan, tal como se estipula nos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e, se é o caso, as custas que se produzan.

Se o canon da auga non se fixera efectivo no período voluntario sinalado, suporá a exixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, faise saber que a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación mediante o padrón.

Guitiriz, na data que figura a marxe.- A Alcaldesa, Regina Polín Rodríguez

R. 3262

LUGO*Anuncio*

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 25 de outubro de 2017, adoptou, entre outros, o acordo 22/658 relativo á **DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NO TENENTE DE ALCALDE DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE E PERSOAL PARA A RESOLUCIÓN DE TODOS OS ACTOS DE TRÁMITE E RESOLUTIVOS EN RELACIÓN COA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A CONSELLARÍA DE MEDIO RURAL E A ENTIDADE LOCAL DE LUGO PARA A PARTICIPACIÓN NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DURANTE OS ANOS 2016, 2017 E 2018, COFINANCIADO PARCIALMENTE CO FEADER NO MARCO DO PDR DE GALICIA 2014-2020.**

Por todo o cal e con base no sinalado no artigo 9 da Lei 40/15, do 1 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público, expónse ó público no Boletín Oficial da Provincia para xeral coñecemento.

Lugo, 2 de novembro de 2017.- O ALCALDE, P.D. A TENENTA DE ALCALDE DELEGADA DA ÁREA DE ECONOMÍA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO, Ana Prieto Nieto

R. 3263

MONTERROSO*Anuncio***Información pública**

De conformidade coa resolución de Alcaldía de data 31 de outubro, por medio do presente anuncio efectúase convocatoria do procedemento aberto, atendendo á oferta máis vantaxosa, con varios criterios de adxudicación, tramitación urxente para a adxudicación do contrato de subministración de tractor e dous apeiros desbrozadora no Concello de Monterroso, conforme aos seguintes datos:

1. Entidade adxudicadora:

a) Concello de Monterroso

b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría

c) Obtención de documentación e información: Praza de Galicia, 1, e na web www.monterroso.es. Teléfono 982 377001; Fax 982 377617; E-mail concello.monterroso@eidolocal.es.

2. Data límite de obtención de documentación e información: O oitavo día natural contado a partir da publicación deste anuncio no BOP.

3. Obxecto do contrato. Obras de "Subministración de tractor e dous apeiros desbrozadora". CPV 34138000-3.

4. Tramitación e procedemento.

a) Tramitación: Urxente .

b) Procedemento: Aberto.

c) Criterios de Adxudicación: Os establecidos na cláusula décimo sexta do prego de cláusulas administrativas particulares:

Cada oferente só poderá **presentar unha única oferta** cun límite máximo de **90.000 €, impostos non incluídos.**

PRIMEIRA CONDICIÓ. PUNTUACIÓN POR MELLORA DE SUSPENSIÓN DIANTEIRA (12 puntos):

Aplicarase a base de 12 puntos se o tractor dispón de suspensión dianteira.

SEGUNDA CONDICIÓ. PUNTUACIÓN POR PREZO (Máximo 10 puntos):

- Se VTD (Prezo Tractor máis cabrestante, máis desbrozadora de arrastre e de brazo) é igual a 90.000 euros, Impostos non incluídos. **0 Puntos.**

- Se VTD (Prezo Tractor máis cabrestante, máis desbrozadora de arrastre e de brazo) é menor a 90.000 euros, Impostos non incluídos, aplicarase a seguinte fórmula:

$$\text{Puntos} = 180 - (\text{VTD}/500)$$

TERCEIRA CONDICIÓ. PUNTUACIÓN POR AUMENTO DE PRAZO DA GARANTÍA. (Máximo 10 puntos):

Aplicarase a base de 2,5 puntos por cada ano de extensión de garantía adicional sobre os 12 meses mínimos esixidos no prego de condicións técnicas.

CUARTA CONDICIÓN. PUNTUACIÓN POR SERVICIO DE MANTEMENTO E REPARACIÓN DO VEHÍCULO E DAS MÁQUINAS (Máximo 9 puntos):

Aplicarase a base de 3 puntos por cada ano de mantemento que se oferte, sendo este realizado nas instalacións do Concello de Monterroso sen custes adicionais por desprazamentos e dietas ou ben sexa realizado nas instalacións do representante da marca sen custo engadido polo transporte do vehículo ou das máquinas.

QUINTA CONDICIÓN. PUNTUACIÓN POR MELLORA DA DESBROZADORA DE BRAZO. (8 puntos):

Aplicarase a base de 8 puntos se a desbrozadora de brazo é de cabezal helicoidal profesional.

SEXTA CONDICIÓN. PUNTUACIÓN POR MELLORA DE SUSPENSIÓN EN CABINA (4 puntos):

Aplicarase a base de 4 puntos se o tractor dispón de suspensión en cabina.

SÉPTIMA CONDICIÓN. PUNTUACIÓN POR PROXIMIDADE DO SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA POST-VENDA. (Máximo 4 puntos):

Se DST (Distancia do servizo de asistencia técnica respecto da Casa do Concello de Monterroso) é igual ou superior a 100 Km.

0 Puntos.

Se DST (Distancia do servizo de asistencia técnica respecto da Casa do Concello de Monterroso) é inferior a 100 Km, aplicarase a seguinte fórmula:

$$\text{Puntos} = [1 - (\text{DST}/100)] \times 4$$

5. Orzamento base de licitación.

a) Importe Neto 90.000 euros. IVE % 18.900. Importe total 108.900 euros.

6. Garantía esixidas.

a) Provisional: No se esixe.

b) Definitiva: 5% do importe da adxudicación excluído o IVE,

7. Requisitos específicos do contratista:

a) Clasificación. Non se esixe

b) Solvencia económica e financeira, e solvencia técnica e profesional, no seu caso.

8. Presentación de ofertas: Dentro do prazo de 8 días naturais contados a partir do seguinte ao de publicación deste anuncio no BOP de Lugo e no Perfil de contratante.

9. Apertura de ofertas: O terceiro día hábil tras a finalización do prazo de presentación das proposicións, ás 10:00 horas

10. Gastos de Publicidade. Por conta do adxudicatario.

Monterroso, 8 de novembro de 2017.- O alcalde, Miguel Rico Gómez

R. 3300

RIBAS DE SIL

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL EXPEDIENTE MODIFICACION CREDITOS

O Pleno deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 08.11.2017 acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos financiados con cargo ao remanente líquido de Tesourería **resultante da liquidación do exercicio anterior cara a cobertura dos fondos propios a aportar nos proxectos de CAMPAMENTO DE TURISMO DE SEGUNDA CATEGORÍA e CENTRO DE ATENCIÓN Á TERCEIRA IDADE NO CONCELLO DE RIBAS DE SIL.**, co seguinte resumo por capítulos:

Altas en aplicacións de gastos

Aplicación		Descrición	Importe
432	627	PROYECTO BÁSICO Y DE EJECUCIÓN DE CAMPAMENTO DE TURISMO DE SEGUNDA CATEGORÍA EN RIBAS DE SIL (LUGO)	<u>309.877,54 €</u>

933	627	CONSTRUCCIÓN E XESTIÓN DUN CENTRO DE ATENCIÓN Á TERCEIRA IDADE NO CONCELLO DE RIBAS DE SIL.	66.666,66 €
-----	-----	--	--------------------

Alta en concepto de ingresos

Aplicación: económica			Descripción	Euros
		870	RLTesourería	376.544,20 €

Ademais, queda acreditado o cumprimento dos requisitos que establece o artigo 37.2, apartados a) e b), do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VIN da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, que son os seguintes:

a) O carácter específico e determinado do gasto a realizar e a imposibilidade de demoralalo a exercicios posteriores.

b) A inexistencia no estado de gastos do Orzamento de crédito destinado a esa finalidade específica, que deberá verificarse no nivel en que estea establecida a vinculación xurídica.

E en cumprimento do disposto no artigo 169.1 por remisión do 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese o expediente a exposición pública polo prazo de quince días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Se transcorrido devandito prazo non se presentaron alegacións, considerárase aprobado definitivamente devandito Acordo.

En Ribas de Sil a 08.11.2017.- O ALCALDE, Niguel Ángel Sotuela Vega

R. 3288

Anuncio

Aprobado inicialmente o proxecto de obras para PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE CAMPAMENTO DE TURISMO DE SEGUNDA CATEGORÍA EN RIBAS DE SIL (LUGO) E ESTUDO DE VIABILIDADE por acordo plenario de data 08.11.2017, sométese a información pública polo prazo de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio no BOP de Lugo.

Durante devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello.

En Ribas de Sil a 08.11.2017.- O Alcalde, Miguel Ángel Sotuela Vega.

R. 3289

MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCÍONS (BDNS) DEPUTACIÓN

Anuncio

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO EN SESIÓN CELEBRADA O 27 DE OUTUBRO DE 2017 POLO QUE SE APROBAN AS BASES DA CONVOCATORIA, O GASTO, E OS ANEXOS DAS BOLSAS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO PARA O ANO 2017

BDNS(Identif.):369444

BASES DA CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO PARA O ANO 2017

BDNS (Identif): 369444

De conformidade co previsto nos artigos 17.3b e 20.8ª da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pódese consultar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans>).

Primeiro.- Beneficiarios:

Persoas físicas que sexan deportistas federados, de calquera categoría, e exclusivamente de modalidades deportivas individuais (excluíndose, por tanto os/as practicantes de disciplinas e modalidades de deportes de equipo, dobres, parellas ou grupo) de nacionalidade española ou residentes legais en España, que cumpran os requisitos establecidos na convocatoria.

Segundo.Objecto:

Constitúe o obxecto desta convocatoria a ordenación do procedemento aplicable para o outorgamento de bolsas para deportistas individuais da provincia de Lugo, anualidade 2017, de modalidades deportivas de carácter individual, excluíndose, por tanto, os/as practicantes de disciplinas e modalidades de deportes de equipo, dobres, parellas ou grupo. Por exemplo, 4x100, ximnasia en probas colectivas, dobres en deportes de raqueta, modalidades de máis de 1 tripulante de piragüismo, vela, remo,... pádel, volei praia, etc. Quedan expresamente excluídas as xornadas de control, ligas locais, competicións escolares, probas populares, benéficas e análogas ás anteriores.

Quedan así mesmo expresamente excluídos desta convocatoria os/as deportistas individuais da disciplina automobilismo, especialidade rally (en calquera das súas categoría e modalidades).

Terceiro. Bases reguladoras

A Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección, <http://run.gob.es/owqlth>

BASES DA CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO PARA O ANO 2017 <http://run.gob.es/owqlth>

Cuarto. Contía e importe mínimo e máximo

Establécese como importe máximo de cada bolsa 1.500,00 € e como importe mínimo de cada bolsa 300,00 €.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

Prazo para a presentación de solicitudes: 10 días naturais a contar desde o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no BOP de Lugo.

Lugo, 27 de outubro de 2017.- O Presidente da Deputación, Darío Campos Conde

R. 3296

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) LUGO

Anuncio

EXTRACTO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES PARA ÁS ASOCIACIONES CULTURAIS E PERSOAS XURÍDICO-PRIVADAS SEN ÁNIMO DE LUCRO, QUE DESENVOLVEN A SÚA ACTIVIDADE NO EIDO DA XUVENTUDE (ÁREA CULTURA,TURISMO, XUVENTUDE E PROMOCIÓN DA LINGUA) E PARA MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E PEQUENAS REPARACIONES DAS INFRAESTRUCTURAS, NAS QUE SE LEVAN A CABO ESTES PROGRAMAS E ACTIVIDADES-EXERCICIO ECONÓMICO 2017.

BDNS(Identif.):369737

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria de subvencións para as asociacións culturais e persoas xurídico-privadas sen ánimo de lucro, que desenvolven a súa actividade no eido da xuventude e para mentemento, conservación e pequenas reparacións das infraestruturas nas que se leven a cabo as mesmas, cuxo texto completo pode consultarse na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro : Obxecto

Estas bases teñen por obxecto a concesión de subvencións por parte do Concello de Lugo, Área de Cultura,Turismo,Xuventude e Promoción da Lingua - Xuventude - a entidades xurídico-privadas sen ánimo de lucro para o desenvolvemento, durante o exercicio económico de 2017, de programas e actividades xuvenís, programas e actividades dirixidas ás mozas e mozos lucenses con manifesto protagonismo xuvenil na súa elaboración e desenvolvemento global e programas e actividades con participación xuvenil dirixidas a

promoción, difusión e recuperación histórica da cidade de Lugo, así como para o mantemento, conservación e pequenas reparacións das infraestruturas nas que se levan a cabo os ditos programas e actividades.

Segundo: Personas Beneficiarias

Poderán acollerse a esta convocatoria de subvencións todas as asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que cumpran os seguintes requisitos:

a) Estar legalmente constituídas e domiciliadas no concello de Lugo. Con carácter excepcional, tamén poderán incluírse aquelas entidades foráneas que pretendan executar, dentro do termo municipal, un proxecto para o desenvolvemento de accións ou actividades que beneficien a xuventude de Lugo.

Este punto acreditarase a través dunha memoria que se achegue para os efectos.

b) Segundo se trate de asociacións, fundacións ou outras entidades sen ánimo de lucro, deberán estar inscritas no Rexistro municipal de asociacións, Rexistro público de fundación ou calquera outro rexistro público.

c) Estar ao corrente das súas obrigas tributarias estatais, autonómicas, locais e da Seguridade Social. No momento da solicitude da subvención, este aspecto poderá quedar acreditado para estes efectos, coa declaración responsable incluída no Anexo IV destas bases, e no momento da xustificación da axuda deberá acreditarse mediante a presentación das certificacións ás que se refire o parágrafo f) do artigo 10 destas bases.

d) Non estar incursas nos supostos previstos nos artigos 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como nos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

e) Ter xustificadas debidamente os gastos correspondentes a subvencións concedidas con anterioridade polo Concello de Lugo.

f) Desenvolver actividades e/ou programas que beneficien a xuventude.

g) Desenvolver actividades e/ou programas que complementen a programación de animación de xuventude.

h) Desenvolver actividades que complementen a difusión e recuperación histórica da cidade de Lugo.

i) Non percibir, durante este exercicio económico, ningunha subvención municipal das previstas nominativamente no orzamento xeral de 2017.

j) Non solicitar subvención por un importe superior ao 95 % do custo total da acción para a que solicita subvención, segundo o orzamento presentado, xa que o 5 % restante é de obrigada asunción pola entidade e non pode ser subvencionado por parte doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras.

k) Ter presentado na Oficina de Participación Cidadá o orzamento, memoria de actividades anual e renovación dos membros da directiva.

l) non utilizar a imaxe da muller como reclamo e con connotacións de tipo sexual ou a denigración da súa imaxe (acordo plenario 9/124 do día 30/06/2016)

Terceiro.- Bases reguladoras

As Bases reguladoras desta Convocatoria, aprobadas o 25 de outubro de 2017, pola Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, atópanse publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo Núm. 256 de 8 de novembro de 2017 .

Cuarto.- Importe

No orzamento municipal para o exercicio de 2017 existe consignación orzamentaria para a concesión de subvencións segundo a continuación se indica:

Servizo	Partida orzamentaria	Importe
Xuventude	33430.48900	10.000,00 €

A cantidade para outorgar a cada entidade non poderá superar individualmente os 3.000 €, con base nos criterios de valoración previstos nas bases aprobadas.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

As solicitudes de subvención, xunto coa documentación necesaria (contida nas bases aprobadas por acordo da XGL do 25 de outubro de 2017), presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Lugo ou ben por calquera dos medios establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo de presentación de solicitudes será de QUINCE DIAS NATURAIS, contado dende o seguinte ó da publicación oficial do extracto da convocatoria, na forma e nos termos previstos na Lei Xeral de Subvencións [artigo 17.3.b), 18 e 20.8] en relación coa Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Poderán, excepcionalmente, admitirse fóra de prazo solicitudes que, por circunstancias novas ou imprevistas e que a xuízo do órgano competente, non se puidesen presentar dentro deste. Éstas tramitaranse de acordo con

estas bases, agás no referente ao cumprimento do prazo, e estarán supeditadas á existencia de dispoñibilidade orzamentaria.

LUGO, 8 de novembro de 2017.- A TEIENTE DE ALCALDE DELEGADA DA AREA DE CULTURA, TURISMO, XUVENTUDE E PROMOCION DA LINGUA, CARMEN BASADRE VÁZQUEZ-

R. 3297
